

A mazá da discordia

Os principais deuses gregos estaban reunidos para celebrar a voda de Tetis e Peleo. Só faltaba Eris, a deusa da discordia, que non fora convidada; entrou ás agachadas no banquete e tirou unha mazá de ouro cunha mensaxe: «Para a máis fermosa».

Tres deusas, Hera, Afrodita e Atenea, disputaron o título. Pero Zeus decidiu que Paris, fillo do rei de Troia, elixise a merecedora da mazá.

As deusas intentaron convencelo: Hera prometeulle gloria; Atenea, sabedoría; e Afrodita aseguroulle o amor da moza máis fermosa. E... Paris entregoulle a mazá a Afrodita.

A moza máis fermosa era Helena, muller de Menelao, o rei de Esparta. Coa axuda de Afrodita, Paris namorouna e levouna consigo a Troia.

Ofendido, Menelao declaroulle a guerra a Troia, que durou dez anos e que se resolveu coa axuda dun cabalo de madeira...



Cabalo de Troia.

3.500 a.C.
Invención
da escritura

**Arredor
do 700 a.C.**
Os fenicios chegan
à península ibérica

**Arredor
do 600 a.C.**
Os gregos instálanse
na península ibérica



Le e comprende o problema

- Quen era Eris? Por que non a convidaron á voda de Tetis e Peleo? Como se vingou?
- Quen era Paris? A que deusa lle entregou a mazá de ouro? Que obtivo a cambio?
- Observa a ilustración. Que momento da historia representa? Xustifica a resposta.
- Que cres que significa a expresión *mazá da discordia*?
- **EXPRESIÓN ORAL.** Investiga o que sucedeu na guerra de Troia e cóntallelo aos compañeiros.

SABER FACER



TAREFA FINAL

Identificar deuses gregos

Ao final da unidade terás que investigar sobre a cultura grega.

Antes, descubrirás que pobos habitaron o noso territorio na Idade Antiga.



I D A D E A N T I G A

Época prerromana

Época romana

Arredor do 400 a.C.
Os cartaxineses chegan á península ibérica

218 a.C.
Os romanos desembarcan en Emporion

QUE SABES XA?



A Idade Antiga

A Idade Antiga sucede á prehistoria. Iniciouse hai uns 5.500 anos, cando se inventou a escritura. Por iso, os primeiros documentos escritos pertencen a esta etapa.

- Que outras etapas da historia coñeces?
- A que século corresponde o ano actual?



Os iberos e os celtas

No primeiro milenio antes de Cristo, a península ibérica estaba habitada por dous pobos distintos: os **iberos** e os **celtas**. ¹

Os iberos

Os pobos iberos ocuparon as terras do sur e do leste da península ibérica.

Vivían en grandes **poboados amurallados** construídos en zonas elevadas para facilitar a súa defensa. As súas casas eran rectangulares e aliñábanse formando rúas.

Os iberos organizábanse en **tribos**. Moitas delas estaban gobernadas por un **rei**.

A maioría da poboación dedicábase á **agricultura** e á **gandaría**. Ademais, os iberos eran expertos **artesáns**. Fabricaban espadas de ferro, cerámica e tecidos.

Os pobos iberos coñecían a **escritura** e tiñan a súa propia **moeda**. Con ela comerciaban con outros pobos, como os fenicios e os gregos.



¹ Mapa dos territorios que ocuparon os pobos celtas e iberos na península ibérica.

TRABALLA COA IMAXE

- Que cor representa aos iberos? E aos celtas?
- Que zonas da península ibérica ocupaban os iberos? E os celtas?

SABER MÁIS




Os costumes funerarios iberos

Os iberos **incineraban** os seus mortos, é dicir, queimaban os seus corpos. Cando un ibero morría, levábase á **necrópole** ou cemiterio, colocábase sobre uns troncos e queimábase.

As cinzas do defunto depositábanse nunha **urna funeraria** e enterrábanse xunto coas súas armas, xoias, etc.

As urnas podían ser recipientes de cerámica, pero en ocasións eran auténticas esculturas. Por exemplo, a *Dama de Elxe* ten un oco no lombo que se cre que puido servir para depositar as cinzas dun defunto.



- 2 Poboado celta. A. Muralla. B. Entrada. C. Torre de vixilancia. D. Edifícios públicos. E. Ferraría. F. Recinto sagrado. G. Cercado para o gando. H. Celeiro. I. Vivenda celta.

Os celtas

Os pobos celtas instaláronse no norte e no centro da península ibérica.

Vivían en poboados amurallados e elevados chamados **castros**. As súas casas tiñan forma circular e distribuíanse de maneira desordenada. 2

Os celtas organizábanse en **tribos**. A maioría deles dedicábase á **gandaría**. Ademais, os celtas eran especialistas na fabricación de obxectos de **ferro** e **bronce**, como ferramentas, adornos ou armas, que utilizaban os seus **guerreiros**. 3

Os celtas descoñecían a escritura e non tiñan moeda propia.

Os iberos ocuparon o sur e o leste da península ibérica. Os celtas, o norte e o centro da Península.

- 3 Guerreiro celta.



ACTIVIDADES

- 1 Contesta no caderno.

- Que territorios ocuparon os iberos? E os celtas?

- 2 **EXPRESIÓN ESCRITA.** Explica a diferenza entre os poboados iberos e os celtas.

Os pobos colonizadores: os gregos



1 Mapa do territorio e das colonias gregas na Antigüidade.

Hai uns 3.000 anos, naceu a civilización grega na península dos Balcáns, ao leste do mar Mediterráneo. 1

As polis gregas

Os antigos gregos vivían en **polis**, que eran pequenas cidades independentes. Cada polis tiña gobernantes, leis e exército propio. As principais polis foron **Atenas** e **Esparta**, na península dos Balcáns.

Algunhas polis estaban gobernadas por persoas elixidas polos cidadáns libres. Foi a orixe da **democracia**.

Moitas polis organizaron expedicións a outras zonas do Mediterráneo. Buscaban terras para cultivar e produtos cos que comerciar.

Cando chegaban a un lugar, fundaban unha **colonia**, que era unha nova localidade na que se instalaban. Alí, os gregos conservaban as súas formas de goberno, os seus costumes e as súas crenzas.

Na **península ibérica** fundaron colonias como *Rhode* (Rodas), *Emporion* (Ampurias), Sagunto e *Hemeroskopeion* (Denia).

TRABALLA COA IMAXE

- De onde procedían os gregos?
- Cales foron as súas principais colonias na península ibérica?


COMPRENDER MELLOR

As civilizacións

Unha civilización é un amplo grupo de persoas que comparten aspectos, como unha lingua, uns costumes, unha relixión e unha determinada maneira de organizarse.

Os gregos formaron unha civilización porque, a pesar de estaren repartidos por diversos territorios, compartían costumes.





2 Colonia grega. A. Muralla. B. Acrópole. C. Templo. D. Teatro. E. Estadio. F. Ágora. G. Porto.

A vida nunha colonia grega

As colonias, igual ca as polis, estaban fortificadas e nelas a vida organizábase arredor da acrópole e da ágora. 2

- A **acrópole** era a zona en que se situaban os edificios máis importantes, como os templos.
- A **ágora** era a praza onde se organizaba o mercado e onde se reunían os cidadáns para pasear ou debater.

Nas colonias da Península, os gregos introduciron novidades, como o **torno** para traballar a cerámica, e as **moedas**, coas que se facilitaba o comercio.

Hai uns 2.500 anos, os gregos chegaron á península ibérica para comerciar cos iberos. Aquí fundaron *Rhode* (Rosas), *Emporion* (Ampurias), Sagunto e *Hemeroskopeion* (Denia).

ACTIVIDADES

- 1 **EXPRESIÓN ESCRITA.** Explica o significado destes conceptos.


- polis
- ágora
- colonia
- acrópole

- 2 **Copia e completa no caderno co nome de dúas colonias gregas da Península e co nome que teñen actualmente.**

Colonias gregas	Cidades actuais
—	—

- 3 **EDUCACIÓN EN VALORES.** Explica por que se di que nas polis gregas tivo a súa orixe a democracia.

Os fenicios e os cartaxineses



1 Mapa dos territorios conquistados polos fenicios e os cartaxineses.

Ademais dos gregos, polo mar Mediterráneo tamén chegaron á Península outros pobos colonizadores, como os fenicios e os cartaxineses.

Os fenicios

Os fenicios eran un pobo procedente da costa mediterránea de Asia. 1 Chegaron á península ibérica hai uns 2.600 anos, para comerciar cos pobos que a habitaban. Instaláronse na costa andaluza, onde fundaron **colonias** como *Gadir* (Cádiz), 2 *Malaka* (Málaga) e *Sexi* (Almuñécar).

Os fenicios organizábanse en cidades independentes e eran grandes navegantes e comerciantes. Intercambiaban adornos de ouro e prata, cerámica, marfil e seda. Lograron adiantos técnicos que melloraron a **navegación**, como o esporón de proa.

Os fenicios legáronnos o **alfabeto**, que aínda hoxe utilizamos, e que usaron os gregos e romanos.

TRABALLA COA IMAXE

- A través de que mar chegaron os fenicios e cartaxineses á Península?
- Cales foron as principais colonias fenicias na península ibérica?
- Que colonias fundaron os cartaxineses no actual territorio español?



2 A cidade de Cádiz, fundada polos fenicios, é unha das cidades máis antigas de Europa.

Os cartaxineses

Os cartaxineses chegaron á península ibérica hai uns 2.300 anos. Procedían do norte de África e instaláronse nas antigas **colonias fenicias**. Ademais, fundaron outras, como *Ebyssos* (Eivisa) e *Cartago Nova* (Cartaxena).

Asentáronse na península ibérica para intercambiar metais. Destacaron na elaboración de **obxectos artesanais**, como colares, amuletos e vasillas. **3**

Os cartaxineses eran un **pobo guerreiro** que se enfrontou cos romanos polo dominio do Mediterráneo. A vitoria dos romanos provocou a desaparición da civilización cartaxinesa.

Os fenicios e os cartaxineses foron pobos da Idade Antiga que fundaron colonias na península ibérica. Os fenicios legáronnos o alfabeto. Os cartaxineses instaláronse nas antigas colonias fenicias.



3 Dama de Eivisa. Escultura cartaxinesa que mostra á deusa Tanit.

SABER MÁIS

Aníbal, un xeneral cartaxinés

Aníbal foi un guerreiro cartaxinés do século III a.C. Coñécese por dirixir e organizar o seu exército de forma excelente.

Conseguiu reunir 80.000 soldados, cabalos e... ata elefantes! Con eles saíu da Península, atravesou os Pireneos e os Alpes, e chegou á península itálica, onde venceu aos romanos en varias batallas.

Finalmente, tivo que volver a África, onde foi derrotado polos romanos.



ACTIVIDADES

- 1** Fai unha táboa no caderno coas colonias que fundaron na Península cada pobo.

Fenicios	Cartaxineses
—	—

- 2** Contesta no caderno estas preguntas:
- De onde procedían os fenicios? E os cartaxineses?
 - En que lugares da Península se asentaron os cartaxineses? Por que o fixeron?
 - Que nos legaron os fenicios?
 - A que pobo se enfrontaron os cartaxineses? Por que o fixeron?

Identificar deuses gregos

Os deuses gregos representaban fenómenos da natureza, profesións ou calidades humanas. O máis importante era **Zeus**.



→ Busca información.

- 1 Consulta enciclopedias ou localiza en Internet información sobre os deuses gregos que aparecen na ilustración. Investiga de que eran deuses e que símbolos os caracterizaban.

→ Organiza a información.

- 2 Completa no caderno unha táboa coma a seguinte.

Deus grego	Símbolos que o caracterizan	Era deus ...
Zeus	Raio e aguiá	do ceo
Hera	—	—



→ Demostra que sabes facelo.

- 3 Observa este mosaico antigo, identifica o deus representado e explica no caderno por que o sabes.

1 RESUMO. Copia e completa no caderno o resumo da unidade.

A época prerromana en España

Os iberos ocuparon as terras do [] e [] da península ibérica. Vivían en grandes [] e as casas eran []. A maioría dedicábase á [] e á [].

Os iberos coñecían a [] e tiñan a súa propia [].

Os [] ocuparon o norte e o centro da Península. Vivían en []. A maioría dedicábase á [].

Os antigos gregos vivían en cidades chamadas []. As partes máis importantes da polis eran [] e [].

Os gregos fundaron colonias na península ibérica, como [], e introduciron novidades como o [] e as [].

Os fenicios fundaron colonias como [], [] e []. Legáronnos o [].

Os cartaxineses fundaron colonias como [].



Estela con texto en lingua fenicia.

2 TÁBOA. Copia e completa esta táboa sobre os pobos colonizadores da Península na Idade Antiga.

	POBOS COLONIZADORES		
	Gregos	Fenicios	Cartaxineses
De onde viñan	[]	[]	[]
Que colonias fundaron	[]	[]	[]
Que nos proporcionaron	[]	[]	[]

3 PALABRAS CLAVE. Repasa as páxinas sobre os gregos. Despois, contesta estas preguntas e obterás algunhas das palabras clave da unidade.

- Como se chamaban as cidades en que vivían os antigos gregos?
- E as cidades que fundaron noutras zonas das costas do mar Mediterráneo?
- Como se chamaba a zona onde estaban os templos nas polis?
- En que praza se reunían e debatían os antigos gregos?

1 Escribe no caderno a que pobo, ibero ou celta, corresponde.

vivendas rectangulares ■ escritura ■ vivendas circulares ■ tribos ■ artesáns ■ norte e centro da Península ■ especialistas no ferro e o bronce ■ guerreiros ■ poboados amurallados

- Cales comparten os dous pobos?


2 PARA PENSAR. Le e contesta.

Desde a proa, o guía indicáballe ao mercador a proximidade do poboado. Unha vez na terra, os dous percorreron as rúas. Oíron o repicar dun martelo. Un home estaba dándolle forma a unha falcata. Arredor había broches, diademas e pratos de ouro. O comerciante sorriu porque chegaran ao lugar idóneo.



- Procura e explica o significado de *falcata*.
- A que credes que se dedicaban os habitantes do poboado? Eran celtas ou iberos? Con que produtos comerciaban?
- Que orixe podía ter o mercador?

3 Copia e completa este esquema sobre os gregos no caderno.



4 EDUCACIÓN EN VALORES. Observa a fotografía da acrópole de Atenas na actualidade.

- A que civilización pertence? Que edificios había nela?
- A acrópole de Atenas é Patrimonio da Humanidade. Investiga en que consiste este título. Por que credes que é importante conservar eses lugares?



Explora Galicia

5 Le as páxinas dos pobos prerromanos no *Atlas*.

- Que pobo prerromano habitaba o territorio de Galicia?
A que se dedicaban? De quen recibiran influencia?

6 Copia esta ficha e complétaa cun dos castros que se conservan en Galicia.

Nome do xacemento:	_____
■ Lugar onde está construído:	_____
■ Estado de conservación:	_____
■ Tipos de vivendas:	_____
■ Elementos de defensa:	_____
■ Principais achados:	_____

- Despois, copia un mapa de Galicia e localiza nel, coa axuda dun atlas, os principais xacementos que aparecen no caderno.
- Por último, fai unha redacción de cinco liñas sobre como sería un día na vida dunha persoa deses pobos.

Demostra o teu talento

Elixe e realiza unha destas actividades:

- En Galicia hai moitos castros, moitos deles teñen asociada unha lenda. Busca información sobre algunha referida a un castro da zona en que vives e recóllea nun texto breve.
- Imaxina que es arqueólogo e acabas de encontrar restos dun pobo colonizador. Escribe un artigo en que expliques a importancia dese achado.
- USA AS TIC.** Busca en Internet e realiza unha presentación sobre a dama de Elxe.

